

Á MESA DO PARLAMENTO

Ramón Vázquez Díaz e **Xabier Ron Fernández**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta en **Pleno**, en relación co desenvolvemento normativo das Ensinanzas Artísticas Superiores en Galicia de acordo cos Reais Decretos 630/2010, 631/2010 e 635/2010 en materia de formación do profesorado que imparte docencia neste estudos.

O Real Decreto 1614/2009, de 26 de outubro, sobre a ordenación das Ensinanzas Artísticas Superiores (EEAASS), reguladas pola lei Orgánica 1/2006, de 3 de maio, de educación, establecía que os ensinos artísticos deberían converxer no Espazo Europeo de Educación, co Plan Bolonia.

A aprobación posterior doutros Reais Decretos, onde se regulan aspectos básicos do currículo dos estudos superiores de arte dramática, música, danza, deseño, vidro e cerámica e conservación e restauración de bens culturais, sinalaban a necesidade de crear un novo marco organizativo para as ensinanzas deste tipo. Malia todo o dito, as administracións educativas nunca activaron as medidas necesarias para cumprir con este obxectivo.

En febreiro de 2012 varias sentenzas do Tribunal Supremo deixaban a moitos alumnos e alumnas das EEAASS nunha situación de absoluta indefensión ao ditaminar que os títulos aos que conducen as Ensinanzas Artísticas Superiores, non poden ter a consideración de Grado. A Lei Orgánica para a Mellora do Ensino (LOMCE), no seu apartados corenta e dous, corenta e tres, corenta e catro e corenta cinco, establece que os alumnos e alumnas que terminen os estudos superiores de Música, Danza, Arte Dramática, Artes Plástica e Deseño, Conservación e Restauración de Bens Culturais, obterán o título Superior na especialidade de que se trate, incluído para todos os efectos no nivel 2 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior e será equivalente ao título universitario de grado.

Como consecuencia deste marco normativo, o alumnado que termina calquera especialidade das Ensinanzas Artísticas Superiores, obtén un título equivalente á titulación universitaria de Grado, pero non obtén o título de Grado. Unha titulación equivalente ao título de Grado cuxa validez se circunscribe ao Estado Español e non en Europa, onde non se recoñece de xeito automático e que esixe, un proceso de validación custoso e longo para conseguir a súa validación.

O Título Superior en Ensinanzas Artísticas, impide na práctica que o alumnado poida optar a unha especialización, porque non se estableceron mecanismos para a realización dos estudos de postgrado que conduzan á obtención de títulos de Mestrado e Doutoramento. A única posibilidade de realizar estudos de doutorado, consiste en apuntarse nos estudos de postgrado que xa están organizando as universidades privadas en todo o Estado.

As universidades privadas están a ver unha oportunidade de negocio nesta situación e aumentaron de forma exponencial a oferta de grados en ensinanzas artísticas. De feito están aumentando as ensinanzas artísticas en centros privados que concertan a oferta do título de grado con universidades estranxeiras, unha oferta que se está convertendo nun negocio moi lucrativo.

Por outra banda, as e os estudantes ensinanzas artísticas en centros públicos que se trasladan a outros países europeos para completar a súa formación ou por cuestións laborais, deben proceder a validar os seus títulos en Ensinanzas Superiores mediante o pago de taxas ou cursando materias complementarias para obter o título oficial no país de acollida.

A todos estes obstáculos temos que engadir, nun contexto de profunda crise económica como o actual que obriga a moitos mozos a emigrar, os problemas dos titulados superiores en ensinanzas artísticas á hora de acceder a un posto de traballo no estranxeiro onde non ven recoñecida a súa titulación nin o seu carácter universitario.

Por todos estes motivos os centros públicos de Ensinanzas Artísticas Superiores (EEAASS) levan tempo demandando a integración no Sistema Universitario Público para

que o seu alumnado poida acceder a unha titulación de Grado equiparable ás titulacións existentes no resto de Europa.

Na maioría dos estados do mundo, as EEAASS forman parte da oferta universitaria. Ocorre en todos os países de América e de Europa e, cando non é así, os centros superiores están adscritos a unha universidade. España e Italia son a única excepción.

A adscrición das EEAASS á Universidade Pública, como paso previo á súa integración, é unha medida necesaria que beneficiaría non só ao alumnado, senón que establecería uns criterios básicos de calidade para estas ensinanzas e para a súa homologación no Espazo Europeo.

A propia LOMCE establece no seu apartado 46 que as Administracións educativas poderán adscribir centros de Ensinos Artísticos Superiores mediante convenio ás Universidades, segundo o indicado no artigo 11 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, polo que só fai falta a vontade política e a determinación correspondente para dar a resposta axustada a esta importante problemática.

Pero dáse a circunstancia de que o Goberno do Partido Popular carece da mais mínima vontade política e determinación por resolver un problema que ten nefastas consecuencias para o alumnado afectado, pero tamén para a oferta educativa nesta materia do noso país, situada en evidente agravio comparativo cos países da nosa contorna. De feito o Goberno Galego non amosa interese nin sequera por dar cumprimento da normativa aprobada en materia de desenvolvemento das Ensinanzas Artísticas Superiores.

Os Reais Decretos 630/2010, 631/2010 e 635/2010, que regulan os estudos superiores de arte dramática, música e conservación e restauración de bens culturais establece na disposición adicional segunda, en relación coa formación do profesorado que imparte docencia nestas ensinanzas, establecen que *“as administracións educativas propiciaran plans de formación do profesorado, relativos ó coñecemento dos principios, organización, novas tecnoloxías e sistemas de avaliación e investigación correspondentes co Espazo Europeo de Educación Superior”*. Chegados a este punto e transcorridos case seis anos da aprobación dos Reais Decretos citados, compre saber que medidas adoptou o Goberno Galego para facelos efectivos.



Por todos estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta en Pleno.

Que medidas concretas ten activado o Goberno Galego para propiciar plans de formación do profesorado, relativos ó coñecemento dos principios, organización, novas tecnoloxías e sistemas de avaliación e investigación correspondentes co Espazo Europeo de Educación Superior, tal e como establece a normativa vixente?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2016.

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz
Xabier Ron Fernández
Deputados do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 26/02/2016 13:28:23

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/02/2016 13:28:31